

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Listaxe definitivo de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 1 praza de docente de piano (persoal laboral fixo) mediante concurso, a xornada parcial, da oferta de emprego público extraordinaria 2022

ANUNCIO

Con data de 26 de novembro de 2024 ditouse o Decreto de Alcaldía número 445/2024 cuxo contido é o seguinte:

“DECRETO

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVO DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO DE 1 PRAZA DE DOCENTE DE PIANO (PERSONAL LABORAL FIXO) MEDIANTE CONCURSO, A XORNADA PARCIAL, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA 2022 (LEI 20/2021 DO 28 DE DECEMBRO)

EXPEDIENTE OPE: 2024/E002/000001

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000478

Manuel Ángel Leis Miguez, Alcalde do Concello de Negreira

Vistas as bases xerais e específicas, publicadas no BOP nº243 do 26/12/2022, que regulan as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Negreira incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 que foron aprobadas por resolución de Alcaldía con número 299/2022, de 20 de decembro de 2022; e publicadas no BOP da Coruña núm. 243, do 26 de decembro de 2022.

Vista a convocatoria publicada no BOE nº 99, de 23/04/2024.

Rematado o prazo de presentación de alegacións, e tendo en conta o establecido na base oitava das bases que regulan o presente proceso selectivo, así como de acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e demais normativa concordante e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 1 praza de Docente de Piano, persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso a xornada parcial:

NOME E APELIDOS	DNI	ESTADO	CELGA 4
MARIA MONTSERRAT VÁZQUEZ GALIÑANES	*****874-G	ADMITIDA	NON
JAVIER CONSTENLA MARTÍNEZ	*****058-J	EXCLUÍDO	NON

Segundo.- Publicar a listaxe definitiva de persoas admitidas/excluídas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse, así mesmo, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web municipal do Concello de Negreira.

Terceiro.- Nomear ao Tribunal de Selección do referido proceso:

Tribunal de Selección	Titular	Suplente
PRESIDENTA	Miriam Naveira Dono (Secretaría Concello de Negreira)	M.ª José Nartallo Penas. (Secretaría Concello de Trazo)
SECRETARIA	Sonia Nieto López (Orientadora Laboral Concello de Negreira)	Manuel Suárez Bermúdez (Arquitecto Concello de Oroso)
VOGAL 1	Sonia Ponte Esturao (AEDL Concello de Negreira)	Patricia Reboredo Cigarrán (Técnica Medio Ambiente Concello de Ames)
VOGAL 2	Belén Quintana Forján (Directora Escola Infantil Municipal do Concello de Negreira)	Ana Beatriz Oveja Villafañe (Secretaría Concello de Tordoia)
VOGAL 3	Francisco Javier Portela Amor (Interventor do Concello de Negreira)	Mónica Rodríguez Palacios (Traballadora Social do Concello de Tordoia)

Cuarto.- Informar que o Tribunal de Selección fixou como data para a valoración de méritos deste proceso selectivo a seguinte:

Salón do plenos da casa consistorial do Concello de Negreira.-

Data: 3 de decembro de 2024

Hora: 14,00

Negreira, na data das sinaturas electrónica.

O Alcalde .

Manuel Ángel Leis Míguez

Ante mío,

A secretaria da corporación

Miriam Naveira Dono. ”

Negreira, 26 de novembro de 2024.

O Alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2024/8505